

Curso de preparación exame FCE de Cambridge

TIPO: Anual

DURACIÓN: 110 horas

LUGAR: Campus de Vigo e Pontevedra.

Obxectivos

Curso de inglés para a preparación do exame FCE (*First Certificate in English*) outorgado pola *University of Cambridge ESOL Examinations*.

O exame corresponde ao nivel B2 do Marco Común Europeo de Referencia para as linguas, segundo o cal o nivel adquirese cando o/a estudante é capaz de entender as ideas principais de textos complexos que traten de temas tanto concretos como abstractos, ata aqueles de carácter técnico sempre que estean dentro do seu campo de especialización; cando pode relacionarse con falantes nativos cun grao suficiente de fluidez e naturalidade de xeito que a comunicación se realice sen esforzo por parte de ningún dos interlocutores; e cando pode producir textos claros e detallados sobre temas diversos, así como defender un punto de vista sobre temas xerais indicando os pros e os contras das distintas opcións.

O exame avalía cinco destrezas: *Reading, Writing, Use of English, Listening e Speaking*

Como acceder

O requisito para acceder ao curso é que as/os solicitantes teñan coñecementos de inglés intermedio, que se debe acreditar aportando un certificado de nivel B1 ou a través da realización dunha proba de nivel.

Quedarán exentos da realización da devandita proba aquelas/es solicitantes que posúan algunha das seguintes certificacións obtidas nos últimos 3 anos:

- Nivel Intermedio 2 da Escola Oficial de Idiomas
- Acreditación B1 expedida polo Centro de Linguas
- Acreditación B1 CertAcles
- PET Cambridge

- Trinity College ISE I
- TOEFL 57-86
- Puntuación 4-5 no exame IELTS

Certificados

CERTIFICADO DE ASISTENCIA: é preciso asistir ao 85 % das clases

Prezo do curso**

Comunidade universitaria (Universidade de Vigo): 429 €

Público en xeral: 520 €

Outros datos de interese

Os cursos do Centro de Linguas son recoñecidos con créditos ECTS ou de libre elección.

O exame realízase na Escola Rosalía de Castro, Bembrive, Vigo.

* Excepcionalmente e por cuestións de calendario, o Centro de Linguas poderá adaptar o número de horas do curso con sesións semipresenciais.

****O prezo do exame non está incluído no curso**